

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

7709 *Real decreto 477/2013, do 21 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1619/2011, do 14 de novembro, polo que se establece o novo réxime de equivalencias dos estudos e titulacións de ciencias eclesiásticas de nivel universitario respecto dos títulos universitarios oficiais españois, en cumprimento do disposto no Acordo entre o Estado español e a Santa Sé do 3 de xaneiro de 1979 sobre ensinanzas e asuntos culturais.*

O Estado español, en virtude do Acordo do 3 de xaneiro de 1979 coa Santa Sé sobre ensinanza e asuntos culturais, vén recoñecendo efectos civís ás titulacións eclesiásticas expedidas por universidades e outros centros da Igrexa católica. En aplicación do dito acordo ditouse o Real decreto 3/1995, do 13 de xaneiro, polo que se dá cumprimento ao disposto nel en materia de estudos e titulacións de ciencias eclesiásticas de nivel universitario.

A implantación do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) e a declaración de Boloña levaron a unha reforma dos títulos universitarios oficiais conforme a nova estrutura universitaria prevista no artigo 37 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e desenvolvida polo Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. Esta reforma fixo necesario renovar o réxime de recoñecemento de efectos civís dos títulos eclesiásticos da Igrexa católica por medio do Real decreto 1619/2011, do 14 de novembro, polo que se establece o novo réxime de equivalencias dos estudos e titulacións de ciencias eclesiásticas de nivel universitario respecto dos títulos universitarios oficiais españois, en cumprimento do disposto no acordo entre o Estado español e a Santa Sé do 3 de xaneiro de 1979 sobre ensinanzas e asuntos culturais.

Porén, o Real decreto 1619/2011, do 14 de novembro, derroga o anterior de 1995 e o seu réxime transitorio só recolle o recoñecemento civil dos antigos títulos eclesiásticos de *Diplomatus* até o 30 de setembro de 2015. Esta regulación xera a partir da súa entrada en vigor un problema na tramitación de solicitudes de recoñecemento de efectos civís respecto aos títulos de *Baccalaureatus* e *Licenciatus* non adaptados ao EEES, xa que ben que en teoría lles sería aplicable a nova ordenación, non cabe o recoñecemento de efectos civís por non satisfacer os requisitos formais que se establecen. A presente modificación normativa pretende solucionar ese problema práctico.

Débese ter en conta que a adaptación progresiva dos títulos eclesiásticos da Igrexa católica ao EEES non culminou até o presente curso 2012/13, polo que até o curso académico 2011/12 se puido manter aberta nos centros e facultades eclesiásticas a oferta de prazas de novo ingreso conforme plans de estudos non adaptados ao EEES. En consecuencia, dado que os plans de estudos eclesiásticos de *Baccalaureatus* e *Licenciatus* se organizan en cinco e sete cursos académicos, respectivamente, até polo menos o ano 2017 poderán saír titulados conforme a anterior ordenación universitaria cuxo recoñecemento civil ao abeiro do anterior Real decreto 3/1995, do 13 de xaneiro, non resulta posible ao quedar derogada esta norma e prever a actual só un prazo transitorio para o caso dos títulos de *Diplomatus*.

En atención ao exposto, cómpre modificar este réxime transitorio para incluír, xunto aos títulos de *Diplomatus*, os títulos de *Baccalaureatus* e *Licenciatus* non adaptados ao EEES. Ademais, convén ampliar a referencia temporal do 30 de setembro de 2015 fixada na redacción inicial do Real decreto 1619/2011, do 14 de novembro, de maneira que dea tempo ás actuais promocións de estudantes a culminar os seus estudos e poder solicitar o recoñecemento de efectos civís dos seus títulos.

Para alcanzar este obxectivo, suprímense as disposicións transitorias primeira e segunda da norma, que quedan substituídas por unha nova disposición transitoria única que recolle a posibilidade de recoñecer civilmente, conforme o Real decreto 3/1995, do 13 de xaneiro, todos aqueles títulos non adaptados ao EEES cuxos estudos se iniciaron no seu período de vixencia.

Finalmente, oída a autoridade competente da Igrexa en España, apróveitase esta reforma para actualizar o anexo II do Real decreto 1619/2011, do 14 de novembro, para os efectos de incluír na relación de facultades de ciencias eclesiásticas da Igrexa católica en España dous novos centros.

Sobre este real decreto emitiron informe o Consello de Universidades, a Conferencia Xeral de Política Universitaria, o Ministerio de Xustiza e o Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de xuño de 2013,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1619/2011, do 14 de novembro, polo que se establece o novo réxime de equivalencias dos estudos e titulacións de ciencias eclesiásticas de nivel universitario respecto dos títulos universitarios oficiais españois, en cumprimento do disposto no Acordo entre o Estado español e a Santa Sé do 3 de xaneiro de 1979 sobre ensinanzas e asuntos culturais.*

O Real decreto 1619/2011, do 14 de novembro, polo que se establece o novo réxime de equivalencias dos estudos e titulacións de ciencias eclesiásticas de nivel universitario respecto dos títulos universitarios oficiais españois, en cumprimento do disposto no Acordo entre o Estado español e a Santa Sé do 3 de xaneiro de 1979 sobre ensinanzas e asuntos culturais, modifícase nos seguintes termos:

Un. Suprímense as disposicións transitorias primeira e segunda, que quedan substituídas pola seguinte:

«Disposición transitoria única. *Estudios anteriores.*

1. Os que no momento de entrada en vigor deste real decreto xa completasen estudos conducentes á obtención dun título eclesiástico susceptible de recoñecemento de efectos civís respecto dos títulos universitarios españois de diplomado e licenciado, de conformidade co establecido no Real decreto 3/1995, do 13 de xaneiro, poderán solicitar a obtención do dito recoñecemento nos termos establecidos nesta última norma.

2. Os que no momento de entrada en vigor deste real decreto iniciasen estudos conducentes á obtención dun título eclesiástico susceptible de recoñecemento de efectos civís respecto dos títulos universitarios españois de diplomado e licenciado, de conformidade co establecido no Real decreto 3/1995, do 13 de xaneiro, poderán solicitar o dito recoñecemento nos termos establecidos nesta última norma no prazo máximo de dous anos, contados desde o momento de obtención do correspondente título eclesiástico.»

Dous. A disposición derogatoria única queda redactada do seguinte modo:

«Disposición derogatoria única. *Derogación do Real decreto 3/1995, do 13 de xaneiro.*

Queda derogado o Real decreto 3/1995, do 13 de xaneiro, polo que se dá cumprimento ao disposto no Acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensinanzas e asuntos culturais en materia de estudos e titulacións de ciencias

eclesiásticas de nivel universitario, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria única do presente real decreto.»

Disposición derradeira primeira. *Actualización do anexo II do Real decreto 1619/2011, do 14 de novembro, polo que se establece o novo réxime de equivalencias dos estudos e titulacións de ciencias eclesiásticas de nivel universitario respecto dos títulos universitarios oficiais españois, en cumprimento do disposto no Acordo entre o Estado Español e a Santa Sé do 3 de xaneiro de 1979 sobre ensinanzas e asuntos culturais.*

Actualízase o anexo II do Real decreto 1619/2011, do 14 de novembro, para incluír na relación de facultades de ciencias eclesiásticas da Igrexa católica en España os seguintes centros:

- I. Facultades de teoloxía católica.
 10. Facultade de Teoloxía «San Esteban» dos PP. Dominicos de Salamanca.
- III. Facultades de dereito canónico.
 5. Facultade de Dereito Canónico «San Vicente Mártir» da Universidade Católica de Valencia «San Vicente Mártir».

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de xuño de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA